

## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE PARA O MANTEMENTO DUN DISPOSITIVO PARA A ATENCIÓN E ACOLLIDA DE MULLERES VÍTIMAS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E TRATA.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade establece que a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero é o órgano de dirección da Consellería de Política Social e Igualdade ao que lle corresponde, entre outras funcións, impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

O artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, considera como unha forma de violencia de xénero a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

Por outra banda, o artigo 47.1 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero establece que os centros e servizos que conforman os recursos de asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero teñen como finalidade básica achegarlles axuda e asistencia directa ás mulleres e ás persoas delas dependentes, e apoialas na procura de solucións dos conflitos que derivan da violencia; e o artigo 83 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, dispón que a Administración autonómica loitará contra o tráfico de mulleres, de nenas e de nenos con fins de explotación sexual no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención das situacións de explotación e a detección, atención e, se for o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

Dende a ratificación por España do Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra a trata de seres humanos e en relación coa expedición dun permiso de residencia a nacionais de terceiros países que sexan vítimas, prexudicadas ou testemuñas na trata de seres humanos, que poidan cooperar ou colaborar coas autoridades competentes, recóllese a obriga de prestarlles unha atención integral, recoñecéndoselles un período de reflexión de polo menos noventa días e durante o que terán garantida a subsistencia, asistencia social e xurídica.

A entidade Cáritas Diocesana de Ourense conta, dentro do Programa Alumar, cun dispositivo de acollida, único destas características na provincia de Ourense, destinado á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata no que se lles presta acollida, axuda e asistencia directa, procurándolles un apoio na busca de solucións dos conflitos que derivan da súa situación específica. Dentro dese dispositivo dispón dunha vivenda de seguridade, destinada a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida



restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades competentes.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio con Cáritas Diocesana de Ourense para o financiamento dos gastos correntes de funcionamento e de persoal do dito dispositivo de atención a mulleres vítimas de explotación sexual e trata.

Para o financiamento das actividades obxecto do convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará para a realización das actividades obxecto do convenio a cantidade de 80.000 € (oitenta mil euros). Este gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 08.06.313D.481.1 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Poderase realizar un anticipo do 25,75% da totalidade da subvención, previa solicitude da entidade, unha vez asinado o convenio. Este anticipo non supera os límites máximos establecidos no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de explotación sexual e trata un servizo integral, de atención, apoio, acollida e de recuperación tendo en conta a especial vulnerabilidade na que se atopan e Cáritas Diocesana de Ourense é a única entidade conta cun dispositivo destas características na provincia de Ourense, no cal dispoñen dunha vivenda de seguridade destinada a facilitarlles ás mulleres que abandonan a situación de explotación un espazo de reflexión previo á denuncia, no que poidan restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou lles axude a decidir, de ser o caso, a cooperación coas autoridades competentes.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Galicia e a entidade Cáritas Diocesana de Ourense veñen colaborando para o mantemento dun dispositivo para a atención e acollida de mulleres vítimas de explotación sexual e trata dende o ano 2009.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

